



Concello de Vigo
Expte. 4841/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 3/2025

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 13 DE MARZO DE 2025

ORDE DO DÍA

ÚNICO. Sentenza 18/2025, do 28 de xaneiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, ditada no Procedemento Ordinario 316/2023.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Alonso Suárez, Olga
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Aguiar Castro, Yolanda, concelleira do grupo municipal Socialista.
Aneiros Pereira, Jaime, concelleiro do grupo municipal Socialista
Lago Barreiro, M.^a del Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día trece de marzo do ano dous mil vinte e cinco (13/03/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

ÚNICO.(35). SENTENZA 18/2025, DO 28 DE XANEIRO, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO, DITADA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 316/2023. EXPTE. PLENO 4831/1101.

ANTECEDENTES: Con data 20 de febreiro de 2025, o grupo municipal do Partido Popular xunto co grupo municipal do BNG presentan escrito no Rexistro Xeral do Pleno 4831/1101, asinado por tódolos seus concelleiros (8) que representan mais da carta parte do número legal de membros da Corporación, a seguinte solicitude así como as propostas de acordo que a continuación se transcriben,

“AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO
SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO

MOTIVACIÓN

Vense de ter coñecemento da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, na que se estima o recurso interposto pola mercantil Sweet Nocturna SLNE fronte ao Concello de Vigo relativo ao concerto do grupo Guns N’ Roses celebrado o pasado 12 de xuño de 2023 no Estadio de Balaídos, e na que se condena ao concello a aboarlle á devandita empresa o importe de 1.563.000 € máis o IVE e os intereses correspondentes en concepto de patrocinio publicitario.

Trátase dunha sentenza absolutamente demoledora, na que se indica que “O procedemento contractual sería aberto por razón da súa contía pero absolutamente pechado por razón do seu obxecto e posible licitador, e xa se negociara”. A sentenza continúa sinalando que “Os pregos estaban feitos a medida desa negociación contractual que se vira desenvolvendo entre as partes cos indispensables meses de antelación para a viabilidade da súa frutificación”.

Isto é, que o Goberno municipal aprobou unha licitación aberta para contratar un servizo que xa tiña negociado e apalabrado previamente cunha mercantil en concreto, vulnerándose os principios de igualdade, transparencia e libre competencia.

Este comportamento é de todo inadmisíbel nunha administración pública. Cómpre recordar que nos procedementos de contratación abertos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:05	Páxina 2 de 7
4877-1101	CSV: A8AEED-853DE3-59EEA1-QT1F3R-RFK9SY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores. Polo exposto, da lectura da sentenza queda claro que non se cumpriu con estes requisitos.

Son principios básicos da contratación administrativa, como se indicou anteriormente, os de igualdade, transparencia e libre competencia. Así, os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación aos principios de transparencia e proporcionalidade. A contratación non pode ser concibida coa intención de eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que corresponda, nin de restrinxir artificialmente a competencia, ben favorecendo ou prexudicando indebidamente a determinados empresarios. Os órganos de contratación deben de velar en todo o procedemento de adxudicación pola salvagarda da libre competencia.

Evidentemente, isto non foi así na licitación convocada polo concello, que como a propia sentenza di, “A finalidade do servizo de contratación era pois, outorgar a vestimenta xurídica e formal adecuada a unha contratación preexistente pero que carecía dela, e á vista dos acontecementos posteriores, asáltanos a dúbida ao redor de se a finalidade última sería declarar deserto o procedemento baixo calquera pretexto, como o emprego de modo absurdo, e así, non cumprir coas obrigacións xa adquiridas coa recorrente”.

Polo tanto o Concello actuou de forma totalmente irregular e non axeitada a dereito, incidindo a sentenza en que “Nas actuacións axuizadas queda patente que non houbo coordinación entre os distintos departamentos municipais implicados, tampouco simplicidade, nin claridade, nin moito menos transparencia”, e que “Menoscabouse a boa fe que debe presidir calquera contratación, máis a pública, e todo iso derivou nunha seria irresponsabilidade por parte do Concello de Vigo que se paliou, en boa medida, por razón de que a actora mantivo o compromiso adquirido e celebrouse o concerto programado e anunciado”.

A sentenza ditada acredita, en base a feitos probados, que o Goberno municipal mentiu de maneira reiterada e descarada en relación a este asunto. Primeiro negando a existencia dun preacordo coa promotora do concerto, que si se produciu tanto en probadas conversas previas, como reflicten os whatsapps intercambiados entre as partes, na existencia dunha carta de interese que contiña elementos propios dun precontrato (tal e como advertiran desde a propia Asesoría Xurídica do Concello), o amago de tramitar un contrato negociado sen publicidade e finalmente a convocatoria dun falso concurso público que, como se sinala na sentenza, contiña unhas bases ad hoc e pretendía dotar de aparencia de legalidade unha actuación irregular, contraria á normativa legal de aplicación na contratación pública. E todo co agravante de que esta xestión comprometía a utilización de case 2 millóns de euros de diñeiro público.

No contido e fundamentación do fallo xudicial quedan evidenciada a directa responsabilidade da área de Festas, dirixida entón polo concelleiro-delegado Pablo Luís Estévez Rodríguez, e a de Contratación, dirixida pola concelleira-delegada Patricia Rodríguez Calviño, que continúa á fronte desa área por decisión da alcaldía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:05	Páxina 3 de 7
4877-1101	CSV: A8AEED-853DE3-59EEA1-QT1F3R-RFK9SY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asemade, o propio Alcalde-Presidente Abel Ramón Caballero Álvarez, como responsable máximo do concello, debe asumir plenamente as responsabilidades políticas da súa condición, polas que ten que pedir perdón á cidade ao tempo que merece a reprobación pola súa reiterada falla de explicacións perante o Pleno, mentres si que compareceu en medios de comunicación para seguir irradiando confusión con abertas falsidades, e tamén pola opacidade coa que actuou e actúa o Goberno que el dirixe tentando evitar, por todos os medios, que se coñeza a verdade do sucedido.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, os concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, abaixo asinantes SOLICITAN ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta de orde do día:

UNICO.- Actuacións a levar a cabo tras a sentenza do Xulgado do Concencioso-Administrativo nº 2 de Vigo na que se condena ao concello a aboar á empresa Sweet Nocturna, polo concerto do grupo Guns N' Roses celebrado o pasado 12 de xuño de 2023 no Estadio de Balaídos, o importe de 1.563.000 € máis o IVE e os intereses correspondentes.

E coas seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

- 1 Instar ao Alcalde-Presidente do concello, Abel Caballero, a que pida perdón aos vigueses e ás viguesas polo dano causado á cidade, danando a súa imaxe, e a súa reprobación como máximo responsable municipal pola súa opacidade, negarse a dar explicacións e asumir e/ou depurar responsabilidades políticas derivadas deste escándalo.
- 2 Esixir o cesamento inmediato de Patricia Rodríguez Calviño como concelleira-delegada de Contratación, Xestión municipal e Festas, pola súa directa responsabilidade no presunto concurso aberto de patrocinio publicitario que vén de ser impugnado xudicialmente.
- 3 Demandar que se depure a responsabilidade de Pablo Luís Estévez Rodríguez, como concelleiro-delegado de Festas no momento dos feitos, nomeadamente no referido á tramitación irregular da carta de interese e os contactos previos mantidos coa promotora do concerto.
- 4 Constituír unha Comisión Especial de Investigación, ao abeiro do previsto no artigo 35 do Regulamento Orgánico do Pleno, para clarificar até o final as circunstancias, feitos e responsábeis.
- 5 Despregar medidas adicionais de reforzo da transparencia na contratación e control na xestión dos recursos públicos do Concello de Vigo, coa inmediata constitución da Comisión do Pleno de Vixilancia da Contratación (en cumprimento do art. 34 do ROP), a elaboración dunha ordenanza municipal de transparencia na xestión e a creación dunha Oficina Municipal Anticorrupción.

Así mesmo, tendo en conta que o Regulamento Orgánico do Pleno non prevé expresamente a asignación da quenda de intervención de réplica no caso de que a proposta de acordos obxecto do Pleno extraordinario sexa subscribida por concelleiras e concelleiros de máis dun Grupo Municipal, solicítase que sexa o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:05	Páxina 4 de 7
4877-1101	CSV: A8AE EE-853DE3-59EEA1-QT1F3R-RFK9SY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

grupo municipal do Partido Popular quen abra e peche o debate na quenda de intervencións así como que se aplique o mesmo criterio xa empregado en situacións precedentes, repartindo ao 50% o tempo de intervención da quenda de réplica entre os dous grupos que subscriben a proposta.

Vigo a 12 de febreiro de 2025

Concelleiros e concelleiras asinantes:

Polo Grupo Municipal do PP:	Polo Grupo Municipal do BNG:
José Miguel Martín Peña (Pvoz.)	Xabier Pérez Igrexas (Pvoz.)
Luisa Sánchez Méndez	Ana Martínez Piñeiro
Fernando González Abeijón	Filipe Abalde Comesaña
Patricia García González	
Daniel Benavides Alonso	

O Sr. Alcalde comunica que os tempos de intervención serán os habituais dunha moción así como os tres minutos finais, que se repartiran pola orde e coa proporcionalidade que consideren os grupos solicitantes desta sesión.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con oito votos (8) a favor dos membros grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e dezaseis (16) votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar as propostas de acordo presentadas no escrito de data 20.02.25 (Expte. 4831/1101), asinadas polos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e polos do grupo municipal do BNG, sobre "*Sentenza 18/2025, do 28 de xaneiro, do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, ditada no Procedemento Ordinario 316/2023*" e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:05	Páxina 5 de 7
4877-1101	CSV: A8AE EE-853DE3-59EEA1-QT1F3R-RFK9SY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario marzo 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Jueves, 13 de Marzo de 2025 09:06:04
Fecha Fin : Jueves, 13 de Marzo de 2025 09:26:46
Duración : 00:20:42

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3540

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 278 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/NHRKeEpJaNsF5ZYyjN05cmU0abNcWyg2DjSeQTu2lX6zzHIS.wmv>
SHA512 - 0eccd204c8a67d3e22c5bc5cc29f1a304594f7e42adafe0db085c5202b96f1cabaf7771601bbe25e4e448e4fb9cd96beaf7887e14309c365131330f9d1ef5f3b

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 104 MiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/6oNjM0mnS0qaQJc5KZGuT8S7m1KrSnwS1s4aCCBnJv5oFdGC.mp4>
SHA512 - 119fc1dae66ce12d6a224d63a3357a40b7655cb1d7956f22d6a797ebb9ec36c8b8dc3853573e23309f1928b709062db6d7fb7cdc8f1ccd4f7e11d7e174830d4b

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
00:00:40 - Caballero Álvarez, Abel
00:01:34 : ÚNICO. Sentenza 18/2025, do 28 de xaneiro, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo, ditada no Procedemento Ordinario 316/2023.
00:01:39 - Martín Peña, José Miguel
00:06:37 - Caballero Álvarez, Abel
00:06:45 - Pérez Iglesias, Xabier



00:11:54 - Caballero Álvarez, Abel
00:12:02 - López Font, Carlos
00:17:06 - Caballero Álvarez, Abel
00:17:17 - Pérez Iglesias, Xabier
00:18:37 - Martín Peña, José Miguel
00:20:03 - Caballero Álvarez, Abel
00:20:12 - Votación [9:26:17]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e vinte e seis minutos (09:26) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 3/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:05	Páxina 7 de 7
4877-1101	CSV: A8AE4EE-853DE3-59EEA1-QT1F3R-RFK9SY-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>